

## REGULAMENTO

### “V RUTA BTT DA CARAMIÑA-CONCELLO DE CAMARIÑAS”

#### Marcha Cicloturista de Montaña NON FEDERADA e NON COMPETITIVA

1. - O CONCELLO DE CAMARIÑAS e PC BAIKERS DO VILÁN, organizan A V RUTA BTT DA CARAMIÑA-Marcha Cicloturista de Montaña NON FEDERADA e NON COMPETITIVA. Constará dun percorrido de 54'800km de dificultade técnica e física media-alta. A mesma será de carácter non competitivo. A saída terá lugar ás 9:30 horas no porto de Camariñas, Coordenadas G.P.S.: 43° 7'45.11'' N 9° 11'2.51'' W
2. - A concentración e entrega de dorsais e chips terá lugar a partir das 8:00 horas, do domingo 27 de maio de 2018 no pavillón polideportivo do Areal(Coordenadas G.P.S.: 43° 8'1.06'' N 9° 10'58.12'' W), onde se entregará asinada ou se asinará o presente regulamento, indicando nome apelidos e DNI. A recollida de dorsais farase de xeito individual, ata quince minutos antes da saída.
3. - A saída efectuarase ás 9:30 horas. Dende que chega o primeiro participante da ruta, establécese un tempo máximo de 90' que non deberá ser superado, polo cal a partir deste momento, todos aqueles que non cumpran con este tempo, serán considerados usuarios normais da vía e non lles será de aplicación a normativa especial.
4. - Haberá dous puntos de control na mesma.
5. - A participación na proba incluírá os avituallamentos (bebida, froita...), servizo de lavado de bicicletas, servizo de ambulancia, servizo de recollida no caso de avería, seguro R.C. e de accidentes o igual que un médico durante toda a proba, agasalho de participación, chip e dorsal. Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal e chip serán facilitados pola organización.
  - Cada participante será responsable do seu propio material de avería.
  - No caso de avería terá que desprazarse a un cruce asfaltado.
6. O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.
7. - O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais, forestais e de monte do Concello de Camariñas, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.
8. Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos contedores situados no punto de avituallamento e de inicio e final de ruta.
9. - En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non sobrepasando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.
10. - A Organización contará con servizo de ambulancia e médico a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.
11. É obrigatorio levar un teléfono móbil cargado durante a proba. O teléfono móbil será clave á hora de contactar, se existe a necesidade por avaría ou cuestións médicas, cos teléfonos de emerxencia que figuran no dorsal.
12. Advírtese aos participantes que o feito de circular un vehículo de apertura non supón a paralización do tráfico, senón que se trata dunha sinalización.

13. Cada deportista participa na proba baixo a súa responsabilidade e declara estar en condicións físicas óptimas, así como ter dominio técnico suficiente para afrontala. A organización aconsella a todos os participantes que pasen un recoñecemento médico previo á proba co fin de detectar e descartar calquera anomalía incompatible coa práctica do ciclismo. Todo participante na marcha comprométese a estar a un nivel físico adecuado, que lle permita cumprir coas medidas establecidas pola organización.
14. - A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido por causas xustificadas que afecten á seguridade do evento, quilometraxe e data da proba.
15. - O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.
16. - Inscripción en [www.emesports.es](http://www.emesports.es), custo 12€, data límite xoves día 24 de maio ás 23´59h. Límite 300 inscrit@s. Nados no ano 2002 e anteriores.
17. Os menores de idade deberán presentar no momento de recollida de chips e dorsais o permiso paterno, correctamente cuberto e asinado polos pais ou titores legais.
18. O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa sinatura da inscrición o participante admite que o organizador, poda facer uso da imaxe de todos os ciclistas en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación,...) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

**AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES  
VII CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CAMARIÑAS**

D/Dna. \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ Con DNI nº \_\_\_\_\_, e como pai/nai ou titor-a, autorizo, baixo

a \_\_\_\_\_ miña \_\_\_\_\_ responsabilidade, a \_\_\_\_\_ que:

\_\_\_\_\_ con DNI

nº \_\_\_\_\_, e nado/a en \_\_\_\_\_ con

data \_\_\_\_\_ participe na V RUTA BTT DA CARAMIÑA-CONCELLO DE

CAMARIÑAS recoñecendo expresamente que se atopa en condicións físicas axeitadas

para a práctica do exercicio físico e eximindo de toda responsabilidade aos

organizadores, patrocinadores, colaboradores e voluntarios en canto ao

desenvolvemento das súas funcións se refire. Así mesmo, autorizo expresamente a

Emesports e á Organización para o uso das imaxes en soporte fotográfico e/ou

audiovisual que se capten durante a proba sen ningunha limitación territorial nin

temporal, polo que as imaxes fotográficas e/ou audiovisuais, poderán ser utilizadas, de

xeito total ou parcial, por Emesports e a Organización para a súa publicación en

medios de comunicación, distintos soportes para a promoción e difusión da carreira, e

nas súas respectivas redes sociais, por un prazo de tempo ilimitado e sen

contraprestación algunha. Para que así conste, asino a presente en \_\_\_\_\_,

a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018